

Hipocorísticos

Xaime Iglesias González

Todas as persoas temos un nome que figura nos rexistros oficiais e nos documentos persoais públicos e privados: é o nome propio, o nome formal. Pero adoita suceder que as persoas somos identificadas en círculos familiares e amigables con outro nome asociado a ese propio que se denomina *nome familiar* ou *hipocorístico*. Os hipocorísticos poden ser o resultado de certas alteracións dos nomes propios de persoa que se usan normalmente en ton afectivo e en ambientes de fluída relación como pode ser a familia ou os amigos. Un supoñer: *Xocas, Xan, Milucha* e *Lola* son hipocorísticos de *Xoaquín, Xoán, Emilia* e *Dolores* respectivamente. Non debemos confundir os hipocorísticos coas variantes de nomes. O nome *Eduardo* ten a variante *Duarte*, que non é hipocorístico, pois tanto unha forma coma a outra atópanse rexistradas como nomes oficiais, mentres que *Chacho* e *Edu* son hipocorísticos de ambos. Outro exemplo é o de *Xosefa* que ten a variante *Xosefina* e ós dous refírense os hipocorísticos *Pepa* e *Fina*, entre outros. Tampouco é o mesmo un hipocorístico ca un alcume, alcuño ou nomeada, pois este é un nome inventado que se lle apón a unha persoa por algún trazo físico ou por algunha característica particular, como por exemplo, o *Becho*, o *Coxo*, o *Calacú* ou a *Rouca*.

En Galicia, os hipocorísticos fórmanse normalmente utilizando a parte final dos nomes propios: *Domingos/Mingos*; *Ramiro/Miro*; *Casilda/Silda*; *Guadalupe/Lupe*. Tamén existen hipocorísticos nos que esta parte final se modifica, coma tal *Elvira/Viruca*; *Rorario/Charo*; *Alfredo/Firuco*; *Antón/Tonecho*. Noutros casos os hipocorísticos tradicionalmente empregados

gardan pouca relación aparente co nome á que se refiren: *Xosé/Pepe*; *Andrés/Necho*; *Severa/Tota*; *Mercedes/Chiruca*.

Modernamente, por influencia allea, comezaron a aparecer hipocorísticos formados a partir da primeira parte do nome propio: *Cristina/Cris*; *Begoña/Bego*; *Alexandre/Alex*; *Guillermo/Guille*. Este fenómeno afecta mesmo a nomes que teñen hipocorísticos consagrados como *Francisco/Fran* fronte ós tradicionais *Paco, Farruco*, etc. ou *Matilda/Mati*, fronte ós tradicionais *Matucha* e *Tilda*.

A aparición dun hipocorístico pode deberse á deformación dun nome propio realizada por un neno ou nena nos primeiros anos da aprendizaxe da fala. Coñezo o caso dunha nena que comezou chamándolle *Tita* á súa irmá máis vella, cuxo nome era *Tatiana*, e esta e toda a familia remataron aceptando ese nome familiar. Diferente é o caso doutra nena chamada *Teresa* á que mesmo os pais, por razóns humorísticas deron en chamarlle *Mixi* e así lle chama a familia agora que xa é maior. Outras veces un feito ocasional pode dar lugar a un hipocorístico. Este é o caso de *Esther* a quen, sendo nena, lle mercaron unhas pantuflas que tiñan estampadas "tu", nunha e "ti" na outra, polo que comenzaron a chamarlle *Tuti*, apelativo que aínda conserva entre a familia a pesar de ser unha persoa adulta. Máis curioso é aínda o caso dun nome propio usado como hipocorístico doutro, como o dunha señora de *Marín* coñecida por *Carme* que tiña por nome oficial *Dolores*. Raras veces se escolle un hipocorístico en función das características do neno ou da nena a quen se lle apón, pero collezo a existencia dalgúns casos concretos nos que ocorreu así. Unha señora maior chamada *Laura* aínda hoxe

se coñece por *Chola* por que de pequena era moi traste e vital; igualmente a Dolores, señora que hoxe ten máis de 70 anos, de pequena deron en chamarlle *Chita* por que era moi miúda.

A liña divisoria entre os hipocorísticos e nomes oficiais é teóricamente clara, pero na práctica resulta ser bastante tenue e permeable. Así, algúns hipocorísticos coinciden con nomes propios. Poñamos por caso *Tito*, que podendo ser hipocorístico de Antonio, Anxo, Agostiño e Ricardo, coincide con *Tito*, nome propio do orixe latina que nos lembra, por exemplo, a Tito Livio ou a Tito Flavio Vespasiano. Do mesmo xeito *Mara*, hipocorístico de Amara e M^a Rosario, é un nome propio de muller de probable orixe bíblica. Tamén *Miro* que, sendo hipocorístico de Edelmiro, Ramiro e Arximiro, é nome propio de home de orixe xermánica rexistrado na historia como o penúltimo rei do reino suevo de Galicia.

Tamén a vitalidade dunha lingua pode transformar nomes tidos por hipocorístico en nomes propios. Así acontece en Galicia con *Catuxa*, *Carmela* ou *Xonxa*, que eran nomes familiares de *Catarina*, *Carme* e *Asunción* respectivamente, poden atoparse modernamente como nomes propios. Máis raro é o caso contrario, que un nome propio se transforme en hipocorístico, pero pode haber algún caso como *Carolo*, nome propio latino que en galego deu *Carlos* e que curiosamente serve hoxe de hipocorístico deste nome propio, aínda que tamén pode selo doutros.

Un nome propio pode ter máis dun hipocorístico como é o caso de *Antón* con *Nico*, *Tito*, *Tonecho*, *Toneco*, *Tono*, *Toño* e *Tucho* ou *Dolores* con *Cuca*, *Doloricas*, *Lola* e *Lorica*. Tamén ocorre que un mesmo hipocorístico é susceptible de aplicarse a varios nomes. Por exemplo, *Chicha* pode



Xaquín Lorenzo "Xocas"

ser hipocorístico de *Elisa*, *María*, *Concepción* e *Rosalía*. Por suposto que hai nomes propios ós que non se lles coñece ningún hipocorístico, coma tal, *Xiana*, *Lurdes*, *Martiño* ou *Breixo*.

A lista de nomes e hipocorísticos que se ofrece a continuación é moi limitada e redúcese a aqueles que tiven a ocasión de coñecer nas localidades onde residín. A intención non é outra que lembrar algúns xenuíamente galegos sen excluír algunha das novas incorporacións consagradas- e contribuír a recuperar para lingua viva aquelas formas que máis se oían non hai moitos anos, como *Vituco*, *Teruca*, *Ricucho*, *Carmucha*, *Quinocho*, *Xinocha*, *Chiño*, *Chola* e outros non menos entrañables e eufónicos coma *Lorica*, *Xocas*, *Chelía*, *Pilocha*, *Maruxa*, *Xonxa* ou *Mingos*. Exclúo intencionadamente hipocorísticos do tipo *Fito*, *Lito* ou *Sito* e os seus femininos que, a pesar de seren usados con certa frecuencia entre nós, son, ó meu entender, castelanismos que debemos evitar: *Adolfo*, *Adolfito*, *Fito*; *Josefa*, *Josefita*, *Fita*; *Gonzalo*, *Gonzalito*, *Lito*; *Ángela*, *Angelita*, *Lita*; ou *Andrés*, *Andesito*, *Sito*; *Celsa*, *Celsita*, *Sita*. *Nito/Nita* son hipocorísticos casteláns en *Laureana*, *Laureanita*, *Nita* ou *Juan*, *Juanito*, *Nito*, pero poden ser válidos para *Bieito*, *Bieita*.

Xaime Seixas Subirá

400 nomes galegos

PRA HOMES E MULLERES



Adolfina/Adolfo. *Dolfina/Dolfo.*
 Adoración. *Dora.*
 Afonso. *Fonso, Fon, Chicho.*
 África. *Quica.*
 Agostiña/Agostiño. *Chiña/Chiño.*
 Alexandra/Alexandre. *Xandra, Xana/Alex, Xandre, Xano.*
 Alfredo. *Firuco.*
 Amalia. *Lucha.*
 Amara/Amaro. *Mara.*
 Andrea/Andrés. *Nes, Necho.*
 Anselma/Anselmo. *Selma/Selmo.*
 Antón. *Toneco, Tonecho, Tono, Toño, Tucho.*
 Anxela/Anxo. *Xeluca, Xelucha/Xelucho.*
 Ascensión. *Chon.*
 Asunción. *Xonxa. Choncha. Niquiña.*
 Baldomero. *Mero.*
 Bartolomeu. *Bértolo.*
 Benedicta/Benedicto. *Dita/Dito, Bene*
 Benigna/Benigno. *Benucha, Nucha/Beni, Benucho.*
 Benxamín. *Benxa.*

Bernalda/Bernaldo. *Narda, Nucha/Nardo, Nucho.*
 Berta. *Totina.*
 Bieita/Bieito. *Nita/Nito, Tocho.*
 Boaventura. *Ventura.*
 Candelaria. *Candela.*
 Cándida/Cándido. *Canducha, Ducha/Canducho, Ducho.*
 Carlos. *Carlucho, Carolo.*
 Carme. *Carmiña, Carmucha, Carmela, Menchu, Mucha, Mela.*
 Carolina. *Carola.*
 Catarina. *Cati., Catia*
 Celestina/Celestina. *Tina/Nuco, Tino.*
 Celsa/Celso. *Siña/Siño.*
 Concepción. *Concha, Chicha, Lala.*
 Consolación. *Chelo.*
 Constanta/Constate. *Tanta/Tante.*
 Cristina. *Cris.*
 Denís. *Nis.*
 Dominga/Domingos. *Mingos, Mingo, Mingote/Minga.*
 Dores (tamén Dolores). *Lola, Cuca, Doloricas, Lorica.*
 Elisa. *Chicha.*
 Eliseu. *Cholo.*
 Elvira. *Viruca. Virucha.*
 Emilia/Emilio. *Milucha, Lucha/Milucho, Lucho.*
 Ermesinda. *Sinda.*
 Escravidude. *Tuta.*
 Estela. *Teluca.*
 Etelvina/Etelvino. *Etel*
 Eudisia/Eudiosio. *Dosi.*
 Euloxia/Euloxio. *Locha/Locho.*
 Eusebia/Eusebio. *Sebia/Sebio.*
 Federico. *Quico.*
 Felicidade. *Felicita.*
 Fernanda/Fernando. *Nana, Nanda/Nando/Nano.*
 Filipe. *Chelipe, Filucho.*
 Filomena. *Filo, Filucha.*
 Florentina/Florentino. *Flori, Tinucha/Floro, Tinucho.*
 Francisco. *Farruco, Fran, Fuco, Paco, Panchulo.*
 Galicia. *Gali.*
 Gonzalo. *Chalo. Lalo*
 Gregoria/Gregorio. *Gorecha/Gorecho, Goro.*
 Guadalupe. *Lupe.*
 Gullerme. *Guille.*
 Gustavo. *Tavo.*

Helena. *Lenuca*.
 Henrique/Henriqueta. *Queca, Queta/Quico, Quique, Quicocho, Ricucho*.
 Ignacia/Ignacio. *Nacha/Nacho*
 Inmaculada. *Inma, Adiña*.
 Isidoro. *Doro*
 Laureano. *Louro*.
 Leonardo. *Nardo*.
 Luciano. *Chano*.
 Manuel/Manuela. *Lete, Lolo, Manel, Manecho, Manolo, Nolo/Lela, Manola, Noliña*.
 Mercelina/Marcelino. *Nucha, Manina/Linucho, Nucho, Manino*.
 Margarida. *Marga*.
 María. *Chicha, Mari, Marica, Maruca, Maruxa*.
 Chus/Susi (M^a Xesús), *Marián* (M^a dos Anxos),
Mariló (M^a Dolores), *Marisa* (M^a Luísa), *Marisé* (M^a Xosé), *Maribel* (M^a Sabela).
 Martiña/Martiño. *Tiñola/Tiñolo*.
 Matilda. *Mati, Matucha, Tilda*.
 Maximina/Maximino. *Mina/Mino*.
 Mercedes. *Chiruca, Merche*.
 Milagres. *Mila*.
 Monserrat. *Monse*.
 Nemesio. *Neme*.
 Nicanor. *Licano*.
 Nicolasa/Nicolao. *Nico, Colás*.
 Olegaria/Olegario. *Garucha/Garucho*.
 Otilia/Otilio. *Tilucha/Tilucho*.
 Pedro. *Perico, Perucho, Piruco*.
 Pilar. *Pili, Pilocho, Pitusa*.
 Plácido. *Pacho*.
 Purificación. *Pura, Puri*.
 Rafael/Rafaela. *Rafa, Felo/Fela*.
 Ramiro. *Miro*.
 Ramón/Ramona. *Mon, Moncho/Moncha*.
 Reimundo. *Mundo*.
 Reinaldo. *Naldo*.
 Rexina. *Xina, Xinocha*.
 Ricardo. *Cardocho, Tito*.
 Román *Chicho*.
 Rosalía. *Chelía*.
 Rosario. *Charo*.
 Sabela. *Beluca*.
 Salomé. *Salo*.
 Salustiano. *Tano*

Salvador. *Pachucho, Salva*.
 Santiago. *Chago, Santi*.
 Sebastián/Sebastiana. *Sebas, Tito/Chana, Tati*.
 Secundina/Secundino. *Dina/Dino, Quino*.
 Severa. *Tota*.
 Socorro. *Cocó, Curro*.
 Tareixa. *Tere, Teté, Terucha, Teruca*.
 Valentín/Valentina. *Neco, Valen/Tina*.
 Víctor. *Vituco*.
 Victoria. *Vitucha*.
 Xacinta/Xacinto. *Chinta/Chinto*.
 Xesús/Xesusa. *Susa, Susi/Suso*.
 Xoán/Xoana. *Xan, Xaniño, Xanote, Nucho/Nucha*.
 Xoaquín/Xoaquina. *Quinocho, Xocas/Nocha, Quinocha, Quinola*.
 Xosé/Xosefa. *Pepe, Pepucho, Piño, Pucho, Sesé, Seso, Chema* (Xosé M^a), *Xelís* (Xosé Lois)/*Fefa, Fina, Pepa, Pepucha, Sefa*.

